

VIEIROS

Edición xeral

INCLÚE UN POEMA SOBRE BASES ELECTRÓNICAS

Caneiro grava un disco para "recuperar a ilusión" pola literatura

Trinta anos despois do nacemento do [rap](#), e despois de que [Yolanda Castaño](#) e [Jaureguizar](#), entroutros, fixesen o mesmo en Galiza, o escritor galego [Xosé Carlos Caneiro](#) decidiuse a gravar *De bar en bar. Os poemas prohibidos*. 21 artefactos poéticos de Caneiro con Manolo Garrido, director da Banda de Gaitas de Verín, á flauta e un máis, *As flores entre a herba*, con apuntes de regueifa e bases electrónicas. Nesta [web](#) podedes baixar as últimas creacións do escritor galego, que busca "recuperar a ilusión" pola literatura. O día 24 preséntaas no Teatro Principal de Ourense.

- 18:06 21/03/2006